



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Raiola de lecturas

Guía para nenas e nenos de 6 a 12 anos

Agora que se achegan as vacacións, desde as **Bibliotecas Municipais de Oleiros** agasallámosvos con esta guía formada por unha selección de títulos cos que vos podedes divertir e emocionar, pero tamén que vos pode facer pensar ou adquirir novos coñecementos, co obxectivo de que pasedes momentos agradables coa lectura.

Son algúns dos libros e DVD que hai nas bibliotecas municipais e que podedes levar en préstamo para as vosas casas. Nas distintas bibliotecas de Oleiros hai moitos máis, animámosvos a que nos visitedes, utilicedes o servizo de préstamo e gocedes coa lectura.

Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos



Amizades secretas Agustín Fernández Paz. Rodeira

Beatriz será a encargada de poñer o punto de imaxinación nas tarefas cotiás da familia cando chegan a súa nova casa e coñece á ratiña Ollos Grandes. As dúas protagonistas fanse amigas e deste xeito a nai de Beatriz descobre a gran afección ao queixo de tetilla galego da súa filla...



A árbore xenerosa Shel Silverstein. Kalandraka

Unha bonita e doce historia de amizade entre unha árbore e un neno. A árbore é moi xenerosa e ao longo dos anos sempre satisfai as necesidades do neno, mesmo cando este xa non o é.



O can Rin e o lobo Crispín Carlos Casares. Ilustracións de Pedro de Llano. Galaxia Letras Galegas 2017

O can Rin é moi listo. Entre outras cousas sabe sumar, recita poesías e saúda en cinco idiomas diferentes. Que pasará cando se atope co lobo máis temible de todos?



Catro Cascarolos Marilar Aleixandre. Ilustracións de Xerais

Conta as aventuras de catro caracois que son irmáns. Cada un deles goza dunha habilidade. Pasaban os días tan felices no seu xardín, ata que un día chegan uns obreiros para cubrir toda a herba de lousas co fin de que os veciños e veciñas da zona non enlamasen os seus zapatos nos días de chu-

via. Os catro cascaroliños comprenderon que non podían vivir sen herba nin sen raíces nas que esconderse, así que decidiron ir en busca dunha nova casa.



¿Cuándo se irán estos?

Ute Krause. Juventud

Conto cheo de moito humor que pon de relevo a sabedoría dos/as nenos/as para recuperar a ledicia en momentos difíciles como a separación dos pais.




Cuerdas

Pedro Solís. Nilo

Baseada na curtametraxe de animación gañadora dun Goya en 2014. Dirixida por Pedro Solís.

Conta a historia de María e Nico, compañeiros de clase. Ela é unha rapaza soñadora, espelida e alegre, el é un rapaz con parálise cerebral. El non se pode mover nin falar, así que María argalla un sistema de cordas para poder xogar xuntos.

Un fermoso conto sobre a solidariedade, a amizade e a discapacidade, que fala de valores e ilusións, todo visto a través dos ollos inocentes dunha nena pequena.



Cepillo

Pere Calders. Ilustracións de Carme Solé Vendrell. Kalandraka

O pequeno fillo da familia Sala leva un gran desgusto cando os seus pais deciden que o seu can Turco vaia vivir a outra casa. Triste por este feito, o neno intenta atopar algo co que encher o baleiro que quedou no seu corazón. Este xogo rapidamente se converte nun motor capaz de xerar fantasía, unha fantasía que será un auténtico refuxio para superar a tristeza e a angustia que lle deixou a ausencia de Turco.



As cousas que importan

El primo Ramón. Bululú


Fermoso conto e coidada edición para esta historia que resume en branco, negro e gama de grises o realmente valioso: a liberdade, as persoas que están ao carón, a felicidade, a superación, a amizade...



Diccionario estrafalario

Gloria Fuertes. Susaeta


Claro exemplo da calidade da recoñecida escritora, cuxo recordeo fica ben presente pola súa calidade e prestixio. Un bo libro para coñecer a esta autora no centenario do seu nacemento.



As dúas casas de Alicia

Christelle Callat. Ilustracións de Martina Peluso. Baía

A separación dos seus pais causa inquedanza en Alicia mais pouco a pouco vaise afeando ás novidades, como a de ter unha casa con mamá e outra con papá. Finalmente chega a unha conclusión: “é posible ser feliz nas dúas casas”. Interesante no plano pedagóxico.



Fadita fosca!

Miguel Vázquez Freire. Ilustracións de Xosé Tomás. Baía

Unha tranquila mañá, a pequena Saleta e a súa familia están a gozar dun almorzo en familia cando de súpeto un berro de Saleta levántaos a todos da cadeira. Que foi o que asustou á rapaza? Pois nin máis nin menos que un negro



A galiña azul

Carlos Casares. Ilustracións de García Alonso. Galaxia Letras Galegas 2017

A galiña de Leoncio ten unha cor diferente e canta doutro xeito por iso o alcalde, Manolito Listón, quere desfacerse dela...

Unha obra con personaxes tenros e inesquecibles cos que o autor desliza a súa mensaxe a favor dos diferentes e contra a intolerancia e a inxustiza.



O homiño vestido de gris e outros contos

Fernando Alonso. Ilustracións de Ulises Wensell. Kalandranka Reedición deste libro, xa clásico, da literatura infantil. Edi-

tado por vez primeira en 1978 conserva toda a súa vixencia: son personaxes diferentes que desexan cambiar a realidade que os rodea para facer o mundo mellor.



Iván, la increíble historia del gorila del centro comercial

Katherine Applegate. Ilustracións de G. Brian Karas. Océano

Un libro que fala da liberdade, da dignidade e do respecto aos animais.



As lentes de ver

Margarita del Mazo. La Fragatina.

Carliños só ten ollos para Inés, unha rapaza do seu cole, alta e guapa que nunca se fixa nel. O rapaz fai todo o que está ao seu alcance para facerse ver, pero ela pasa coma se fose invisible. Un día, Inés anuncia na escola que lle van poñer unhas gafas de ver. Carliños échese de esperanza xa que por fin ela o vai ver, pero nada, nin coas gafas nin sen elas. Inés nunca repara nel. Carliños decide poñer el tamén gafas, de distintas formas e cores, grandes




e pequenas, pero nada. Ata que lle poñen unhas verdadeiras lentes de ver, feitas á súa medida. Será o día en que estree as súas lentes novas cando chegará a sorpresa máis inesperada.

El libro de las narices

Pepe Serrano. Ilustracións de David Guirao. Nalvaly

Un montón de tipos de narices constitúen este divertido libro. O apéndice nasal é o protagonista de disparatadas aventuras.



Macavity

T.S. Elliot. Ilustracións de Arthur Robins. Lata de Sal

Un poema de T.S. Elliot sobre un gato malo que fai moitas traxnadas, e un gato misterioso que cando o queren coller nunca o atopan.



Máis alá da fiestra

Maurice Sendak. Kalandraka

Espléndida edición dun clásico da literatura infantil, obra do xenial Maurice Sendak. Tenrura e beleza nas imaxes a mans cheas.



Míster Magnolia

Quentin Blake. Kalandraka

Un relato rimado, de ton alegre, onde destaca o humor e a sucesión de disparatadas anécdotas, repetíndose, a modo de retrouso, a ausencia dunha bota nun dos seus pes. Un premiado clásico infantil.



Niño Estrella

Claire A. Nivola. Juventud

Trata a orixe e o destino do home. Un libro cheo de maxia e lirismo que se amplía coas creativas imaxes que complementan o breve texto.



La ovejita que vino a cenar

Steve Smallman. Beascoa

Tenra e simpática historia na que un lobo famento que se está a preparar unha sopa de verduras, mentres pensa en como lle gustaría un rico estufado de ovella. Xusto nese momento petan a súa porta e aparece unha ovelliña atarecida de frío pedindo acubillo.



Para onde imos cando desaparecemos?

Isabel Minhós Martins. Ilustracións de Madalena Matoso. Xerais

Unha desas preguntas clave. Non se resolve neste libro, mais axuda a abrir posibilidades para a súa comprensión. Todo ten un comezo e un fin e o ciclo, nunca remata...



Poemas de la oca loca

Gloria Fuertes. Ilustracións de Miguel Ángel Pacheco. Kalandraka

Selección de 25 poemas da inesquecible poeta. Rimas alegres, sorprendentes e absurdas, cheas de repeticións e xogos de palabras, para que as lectoras e os lectores de hoxe podan saborear os seus versos de onte. Poemas cunha magnífica musicalidade e eterna tenrura que de seguro estarán presentes na memoria de moitas nais e pais cando os lean coas súas fillas e fillos. Bonita forma de conmemorar o centenario do nacemento da autora.



Quebracabezas: recuperar, reciclar e reutilizar

Bianki. Kalandraka

Unha vez máis, Kalandraka edita un libro cargado de mensaxes: a igualdade, o respecto polas diferenzas e a importancia da reciclaxe, todo elo para poder vivir nun mundo mellor, no que ao final todo encaixa como nun quebracabezas. O libro empeza marcando as diferenzas para pouco a pouco ir salientando as igualdades... para sentenciar: “todos nós estamos feitos de po de estrelas”, ata ver a un enorme despregable que nos invita a achegarnos entre todos. Ao final do libro, o autor propónnos un xogo que ten moito que ver coa mensaxe transmitida.



El sol, la luna y el agua: un cuento de Nigeria

Versión de Laura Herrera. Ilustracións de Ángeles Vargas. Ekaré

Fermosas ilustracións acompañan o texto desta lenda nixeriana que explica a orixe das cousas: por que a lúa e o sol están no ceo e por que baixan á tardiña a visitar a auga.



Té, chocolate, café

Golfinos. Sueños del Gatipetro
Libro-disco

Cada mañá, non hai xeito de sacar da cama a Rosiña e a Xosé que quedaron durmidos escoitando as historias que todas as noites lles conta súa nai. Pola mañá, mentres o pai prepara o almorzo: café para mamá, té para el e chocolate para Xosé e Rosiña, mamá ten que conseguir que os nenos se ergan. Un libro-disco con historias e xogos interpretados en forma de cantigas polo grupo musical Golfinos.



El secreto de Luis

Mario Ramos. Corimbo

Luís é “o novo” do cole. Ademais, Luis é un lobiño nun cole para cochiños. Todos o observan: “Dá un pouco de medo, parece malo, seguro que cheira mal?”, murmuran. Luís está só e parece triste. Como conseguirá facerse un oco neste mundo de cochiños?



El turbante rojo

Montserrat del Amo. Ilustracións de Sandra de la Prada. SM

Un principiño hindú quere coñecer a realidade que existe fóra dos muros do seu palacio, polo menos durante un rato. Xogar, divertirse e tomar contacto con outras nenas/os que forman parte dun mundo moi alleo ao seu.

Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos



Angelina Purpurina está a tope

Fanny Joly. Ilustracións de Ronan Badel. Edelvives
Ángela desexa ter unha mascota máis que nada no mundo, pero papá e mamá néganse. Pero cando Ángela se propón algo non hai quen a deteña. Nin sequera os seus horribles irmáns!



La bicicleta es mía

Carlos Peramo. Ilustracións de Mikel Valverde. Santillana

Daniel e Néstor son veciños e van ao mesmo colexio, pero as súas familias son diferentes:



Contra el espíritu del fuego

Maite Carranza e Irene Borra. Ilustracións de Iosu Mitxelena. Destino

Primeira entrega da colección “*Los siete cavernícolas*”, unhas nenas e nenos que cambiaron a historia da humanidade.



A cociña de Toto Murube

José A. Ramírez Lozano. Ilustracións de Pablo Otero. Kalandraka

Esta é a historia de Toto Murube, un vagabundo que deixará de deambular polas rúas para converterse nun cociñeiro de prestixio. Como o fai? A través da elaboración dunhas receitas cargadas de imaxinación e outros elementos máxicos.



A estrambótica Illa do Tesouro

Pinto & Chinto. Bululú

Un magnífico álbum ilustrado, de gran tamaño, no que os au-

tores ofrecen unha divertida adaptación da novela de piratas “*A illa do tesouro*”, de Stevenson.

Unha obra de aventuras que conserva os personaxes principais pero proporcionándolles máis humanidade, mantendo os acontecementos principais, con humor e un enfoque dispartado.

É un novo título da colección “*Carambola*” que se une ás outras dúas adaptacións realizadas por estes autores “*As estrambóticas viaxes de Gulliver*” e “*O estrambótico Príncipe*”, que achegan e renovan estes clásicos da literatura infantil e xuvenil universal.

As tres son unhas boas e divertidas lecturas que convidan a ler as obras orixinais e a introducir os clásicos nas propostas lectoras.



Una flor de repuesto para mamá

Rebeka Elizegi. Takatuka

Cóntase con especial tenrura a estraña situación á que se ten que enfrontar un rapaz cando á súa nai lle diagnostican un cancro de mama. Unhas preciosas ilustracións acompañan

este texto cheo de positividade, alegría e moitas flores.



Isela

Carlos López. Ilustracións de Nuria Díaz. Emora

Isela é unha nena moi lista e imaxinativa. Vive cos seus pais e o seu avó en Cidade Clara, onde sempre acontecen feitos sorprendentes e habitan personaxes moi divertidos.



La isla de Susú: un jardín en el fondo del mar

Antonio G. Iturbe. Ilustracións de Alex Omist. Edebé

Na illa de Marabú poden acontecer mil aventuras. Coñéceas da man de Susú, unha nena espelida, moi preocupada pola conservación do entorno que nos presentará a curiosos e divertidos personaxes.



Jan estuvo ahí

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de David Soler. Galaxia

O flamenco Jan Van Eyck pintou arredor do 1434 un cadro titulado “O matrimonio Arnolfini”, probablemente por encargo da propia parella, uns burgueses acomodados de Bruxas. Da man do fillo do pin-

tor, facemos unha viaxe por este traballo pictórico que aínda hoxe é motivo de debate para os críticos.



La jardinera

Sarah Stewart. Ilustracións de David Small. Ekaré

Lydia Gracia é unha nena que vive no campo, pero mentres os seus pais non conseguen traballo terá que marchar a vivir a cidade co seu tío Jim, que é un home moi serio. Lydia propónse facelo sorrir recorrendo ao seus talentos de boa xardineira.



As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas

Carlos Casares. Ilustracións de Luís Seoane. Galaxia Letras Galegas 2017

Unha historia para ler e para representar, tan saborosa como unha laranxa. Unha fantasía onde todo adquire unha dimensión desmesurada, cunha acción constante na que o colorido xoga un rol moi importante.



La maestra es un capitán

Antonio Ferrara. Ilustracións de Anna Laura Cantone. Bira-Biro

O duro labor de educar aos máis pequenos visto desde os ollos dunha mestra, facendo fronte a todos os apuros con moito sentido do humor e amor pola infancia.



Marcelín

Jean-Jacques Sempé. Blackie books

Precioso libriño que nos conta as aventuras dun neno cunha curiosa molestia e a súa amizade con outro compañeiro moi parecido a el.



Marta e a píntega

Eli Ríos. Ilustracións de Patricia Román. Galaxia

A nena Marta e a píntega Oli viven un sen fin de aventuras. É un libro cheo de imaxinación e de valores para contribuír a un cambio de mentalidade das/os nosas/os cativas/os.




No corazón do bosque

Agustín Fernández Paz. Xerais
Nunha excursión marabillosa para a protagonista, esta descobre o que é unha fraga, un río de augas bravas e un misterioso mosteiro. Pero cando volve para a casa, atopa un estraño habitante da fraga dentro da súa mochila.



Tragaxán e Tragadiño

Bernardino Graña. Ilustracións de Patricia Castelao. Galaxia
Dous personaxes nunha revisión do conto tradicional de Garavanciño mesturado con detalles da cultura galega. Un canto á lectura e ao xogo non tecnolóxico, á solidariedade, á natureza e aos afectos.



Ottoline va al colegio

Chris Riddell. Edelvives
Ottoline é unha nena moi esperta e curiosa que vive cunha mascota peluda chamada Sr. Munroe. Unha historia chea de diversión que combina á perfección uns textos claros e curtos con enxeñosas ilustracións.



Los zorros del norte

Ricardo Gómez. Edelvives
O pai de Katrin era cazador e leñador pero Katrin soñaba con que fora barqueiro, porque os barqueiros non matan animais nin fan dano ás árbores. Na lectura deste libro vemos un canto á natureza, aos animais e ás historias de transmisión oral que pasan de xeración en xeración...



O pequeno Virgil

Ole Lund Kirkegaard. Sushi Books

As historias de Ole Lund está cheas de traxadas, emocións e os pasatempos que se lle ocorren ao pequeno Virgil e aos seus amigos Oskar e Carl Emil: tesouros, dragóns e agasallos moi especiais!

Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos



Alma y la isla

Mónica Rodríguez. Anaya

A comunicación entre Otto e Alma que acaba de chegar do mar non é fácil polo descoñecemento do idioma. A pesar disto, a amizade superará a distancia.



Cinco horas con Mauro

Pere Tobaruela. Embora

Aquela tarde sería diferente, Mauro estaba farto de que catro compañeiros de clase lle fixesen a vida imposible e decidiu solucionalo á súa maneira, faríao pasase o que pasase.



O corazón da maxia

Xavier Estévez. Ilustracións de Santy Gutiérrez. Xerais

Estamos ante unha historia dobre, por un lado temos a historia real cunha protagonista feminina, Laura, que se caracteriza pola gran alegría que desprende, sempre que o seu corpo enfermo llo permite e por outro lado temos outra historia fantástica que se en-

trelaza e conflúe coa real, onde Laura e a pequena Mistre se converten en Auela e Mistra cunha misión que levar a cabo, a busca dos dragóns desaparecidos, protectores das aldeas.



Los Cretinos

Roald Dahl. Ilustracións de Quentin Blake. Alfaguara


O señor e a señora Cretino son unha odiosa parella que se fan a vida insoportable, ademais manteñen prisioneiros a unha familia de monos, aos que tampouco deixan vivir en paz. Todo isto vai cambiar coa chegada do Paxaro Gordinflón.



Diario de Greg; carretera y manta

Jeff Kinney. Molino

Os seguidores das peripecias de Greg Heffley poderán ler as novas aventuras.



Los dragones del castillo ruinoso

Terry Pratchett. Montena

Catorce historias increíbles con humor e personaxes disparatados.



Esmeraldina, a pequena defunta

Leticia Costas. Ilustracións de Víctor Rivas. Xerais

Logo do éxito de “*Escarlatina, a cociñeira defunta*” Leticia Costas preséntanos unha nova historia que ten moito que ver coa primeira. Esmeraldina vive feliz coa súa familia no Hotel *Fantastique* do Salvaxe Oeste. Mais, de súpeto, morre de escarlatina e terá que empezar a vivir coma unha pantasma. Medo e humor macabro moi recomendable.



Estanislao, príncipe de Sofrovia

M. Lourenzo González. Ilustracións de Santiago Gutiérrez Gómez. Xerais

O día do nacemento do príncipe Estanislao sería destacado no antigo e poderoso reino de Sofrovia. Era o antipico da intensa mocidade, apaixonada e rebelde do que anos despois acabaría sendo o rei Tanis I, o Mocos.



Mago por correspondencia

Joles Sennell. Xerais
Fantasía e humor mesturados nestes relatos de bruxas, fadas, deuses e tamén humanos.



A marabillosa medicina de George

Roald Dahl. Xerais
Divertidísima lectura coa calidade e axilidade supremas que sempre nos asegura este xenial escritor, que neste caso demostra que as familias non sempre son perfectas.



El misterio de la pirámide

Ana Alonso. Ilustracións de Jordi Vila Declós. Anaya
Interesante colección de libros onde a parte de vivir aventuras aprendemos coñecementos diversos como ocorre nesta historia, onde ademais do cálculo da área da pirámide tamén aprenderemos sobre arte e relixión no Antigo Exipto.



Nunca más

Fernando Lalana, José María Almmárcegui. Bambú
Dalmacio: é un bo rapaz pero a súa vida volveuse un inferno desde que lle ten teima don

Blas, o seu profesor. El quere gañar o seu favor e isto lévalle a facer algo polo que logo terá que pagar as consecuencias e resolver un gran embrollo.



Omnia: Todo lo que puedes soñar

Laura Gallego. Ilustracións de Xavier Bonet. Montena

Nico perde o peluche favorito da súa irmá. Para solucionalo, entra na Web da tenda virtual Omnia, un mundo cheo de fantasía e ilusión.




Poemas o mar

Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Xan López Domínguez. Xerais

Excelente libro de poemas para nenos/as que forma parte da triloxía das obras poéticas que o autor lle dedica ao mar: *En la cuna del mar* e *Palabras do mar*. Nas tres o gran protagonista é o mar e preséntanos un mar no que todo é posible: un mar triste, un mar que canta, que desexa, que cala segredos, que soña, que escoita...

Esta fermosa obra xunto coas expresivas e imaxinativas ilustracións de Xan López Domín-

guez fan deste libro unha harmoniosa e delicada publicación.



Prohibido leer a Lewis Carroll

Diego Arboleda. Anaya Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2014

A protagonista, Eugène Chignon, é unha rapaza que desexa ser institutriz. Lánzase á aventura tras ver un anuncio no xornal no que se buscan mozas que saiban mentir, e ademais que o fagan ben. O obxectivo é coidar dunha rapaza chamada Alice e tratar de quitarlle da cabeza a famosa obra de Lewis Carroll *“Alicia no país das marabillas”*. É un tema prohibido na casa, se se le a obra, compréndese o motivo. Así que Eugène cambia a súa querida Francia por Nova York. A primeira responsabilidade da institutriz é evitar que Alice se entere de que a verdadeira Alice Liddell, de 83 anos, a que inspirou a Lewis Carroll para o personaxe de Alicia, está na cidade por invitación da Universidade de Columbia. A historia irá avanzando a través dunha serie de situacións divertidas.



Los protectores

Roberto Santiago. Ilustracións de Paula Blumen. SM


Un grupo de rapaces organízanse como unha policía secreta infantil para poder loitar contra as inxustizas cometidas pola banda dos Apaches.



El secreto de Enola

Daniel Hernández Chambers. Ilustracións de David de las Heras. Edelvives

O misterioso achado nunha cheminea dun esqueleto de pomba cunha mensaxe atada nas patas...



Quen dá a quenda?

Héctor Cajaraville. Ilustracións de Ignacio Hernández. Xerais

Achégate ao consultorio secreto da meiga Divina, á que acoden fantásticos seres na procura de remedio para os seus males.



Tania Val de Lumbre

Maria Parr. Ilustracións de Zuzanna Celej. Nórdica


Val de Lumbre é un afastado val noruegués todo branco en inverno. Aquí vive Tania, unha nena de 9 anos, a única nena de todo o val, bulideira, entusiasta e chea de enerxía.



Queridos monstruos (10 cuentos para ponerte los pelos de punta).

Elsa Bornemann. Alfaguara

Se queres pasar verdadeiro terror abre este libro, atoparás plantas malvadas, mozos de ultratumba, todo aquilo que che pon os pelos de punta...



A voda do papá

Helena Villar Janeiro. Alfaguara

A mamá de Sara morre e ela ten que acostumarase a vivir soa con papá. Descubrirá entón que unha cousa son os contos de fadas e outra moi diferente a vida real

Libros de coñecementos



Así é Santiago

Fermín Solís. El Patito Editorial


Libro de viaxes ao estilo de M. Sasek. Solís danos a súa visión da cidade de Santiago, da maneira na que calquera turista ve a cidade cando pasea por ela.



Exploraciones y descubrimientos

Emily Bone. Ilustracións de Steve Scott. Usborne

Libro de solapas para coñecer os grandes descubrimentos e exploracións da historia.



Increíble pero mentira. La verdad sobre un sinfín de cuentos que siempre diste por ciertos

Guy Campbell. Ilustracións de Paul Moran. SM.

Para descubrir ideas que sempre se consideraron verdadeiras e non son máis que falsas crenzas, inexactitudes ou lendas urbanas.



Inventario ilustrado de animais

Emmanuelle Tchoukriel. Faktoria K de libros

Un bonito e rico inventario que fomenta a curiosidade e o abraio en nenas, nenos e maiores.



Manualidades para niños con rollos de cartón

Gudrun Schmitt. Drac

Libro que nos ensina a crear divertidos animais e diferentes xoguetes utilizando rolos de cartón de papel hixiénico ou de coñica.



Mi gran imaginario

Yayo Kawamura. SM

Un libro con máis de 200 ilustracións co que o neno desenvolverá a súa linguaxe e imaxinación.



Nosotros, nuestra historia

Yvan Pommaux. Juventud Premio Sorcières 2015

Este libro conta a nosa Historia. Non a dos reis e raíñas, xefes, emires, tsares e tsarinas, ditadores, presidentas... se non a nosa. A dos homes, mulleres e nenos e nenas que

poboaron a terra. Descubramos a nosa Historia sen favorecer a ningún país nin destacar a ningún personaxe dos que adoitan citarse nos libros de Historia Universal.




Tranquilos y atentos como una rana: la meditación para niños... con sus padres.

Eline Snel. Kairos

Os nenos de hoxe adoitan a estar inquedados, dispersos. Como axudar a calmar e relaxar? Como lograr que se concentren no que fan?

Banda deseñada




O encanto da pedra Chá
Pere Tobaruela. Ilustracións de Daniel Xove. Everest Galicia
O encanto da pedra Chá é un poema de Rosalía de Castro no que un nobre enfeitiza a unha rapaza con riquezas terreaís. Ela cae na tentación e paga coa súa propia vida. Tres rapaces de hoxe visitan a casa familiar do seu avó, nun cuarto atopan unha pedra cha na que se pode ler un anaco do poema de Rosalía.



Hilda y la cabalgata del pájaro


Luke Pearson. Bárbara Fiore Editora

Nesta nova aventura, Hilda múdase do campo á cidade e coñece un amigo moi especial, un corvo con problemas de memoria.



Marcopola, A illa remeira: Avoa power


Jacobo Fernández Serrano. Edicións Xerais de Galicia
Cuarta entrega da coñecida serie A illa remeira, desta volta cunha personaxe incribel chamada Avoa Power.



Operación mascota: Silvana a filla do explorador

Ramón Marcos. Jorge Castelli.
El Patito Editorial

Os protagonistas desta colección viaxan a Sudamérica, onde se ven envoltos nun caso de tráfico de animais que conclúe coa descuberta dunha nova especie de réptil chamada a revolucionar o mundo científico.



Paula Crusoe

Mathilde Domecq. Dibbuku

Imaxina que por fin chega o tan esperado día para embarcar nese cruceiro e gozar das tan merecidas vacacións xunto coa túa familia. Todo parecía idílico ata que o barco se afunde e toda a familia queda perdida nunha illa abandonada. Marabillosas ilustracións cheas de cor e de luz acompañan a esta aventura chea de sorpresas e sentido do humor.




Super Patata

Guión e debuxos de Artur Laperla. Bang.

O doutor Malévolo converteu a Supermax, o defensor da xustiza, nunha pataca e ameaza

con seguir transformando en tubérculo a todos os que lle leven a contraria. Co que non contaba é que Supermax non é unha pataca calquera. Unha mestura da banda deseñada clásica e a futurista, con cores moi marcadas.



La superpandilla: mi madre está perdida en el tiempo

Christine Beigel, Pierre Foullet. Bang

Un universo onde os máis pequenos se converten en súper heroes para salvar aos seus pais.



La Chica Satélite y el Chico Vaca

Jang, Hyeong-yoon. Mediatres
Grandes doses de surrealismo nesta película, protagonizada por un satélite abandonado que chega á Terra e se transforma nunha moza e un mozo co corazón roto polo desamor que se converte nun vaca. Outros personaxes non menos sorprendentes están presentes nesta película coreana de animación.



La leyenda de Sarila


Dirixida por Nancy Florence Savard. Savor
Unha tribo de esquimós vese ameazada pola desaparición da caza e decide enviar a un dos seus membros a Sarila, unha terra sagrada onde hai caza en abundancia.



Lifi: una gallina tocada del ala

Oh Seongyun. Isaan Entertainment
A galiña Lifi vive atrapada nunha granxa. Consegue escapar á selva e adopta, acciden-

talmente, un parruliño orfo. Xuntos buscan unha vida mellor e a liberdade. Esta cinta foi Premio á mellor película de animación infantil en Sitges 2011.



Maléfica

Dirixida por Robert Stromberg. Protagonizada por Angelina Jolie, Elle Fanning e Juno Temple. Disney

Maléfica é unha fada de corazón puro, que se endurece cando queda sen ás pola traizón do home que ama. Unha revisión da historia da malvada de Disney por antonomasia.



Minúsculos. 1: la vida privada de los insectos

Thomas Szabo. Futurikon
Capítulos de 3 minutos de duración con paisaxes reais de fondo e moitos bichiños que protagonizan tenras, cómicas, divertidas aventuras para todos os públicos. Non necesita de voz (nin sequera en off) que narre a vida cotiá de insectos e demais familia!



El niño y el mundo

Alê Abreu. Rita & Luca films

Película de animación para todas as idades, moi especialmente para os nenos que viven dentro dos adultos. Un neno sae na busca do sei pai e convive nun estraño mundo fantástico coa desigualdade, a hostilidade despersonalizada dunha sociedade deshumanizada.



El recuerdo de Marnie

Dirixida por Hiromasa Yonebayashi. Vértigo Films

Unha entrañable historia de amizade, misterio e descubrimento que ofrece emocións conmovedoras e unha animación impresionante. Anna trasládase á beira do mar a vivir cos seus tíos. Alí descobre unha mansión rodeada de pantanos e atópase coa nova e misteriosa Marnie.



Los niños lobo = Wolf children

Dirixida por Mamoru Hosoda. Selecta Visión

Wolf children conta a historia de Hana, unha moza que se namora dun mozo que resulta ser un home lobo. Os seus dous fillos, Yuki e Ame, herdaron esa propiedade do seu pai...



Pingüinos de Madagascar

Dirixida por Simon J. Smith. Dreamworks

Unha divertida película para toda a familia. Esta vez os pingüíns deben formar parte dun equipo de súper espías de elite que teñen que salvar ao mundo.

**Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de
Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:**

* Biblioteca Central Rialeda. Perillo

- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel Marfa. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en **twitter @ bibloleiros**

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1026-2017



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística